



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MORAÑA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA PO-226

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, M^a Luisa Piñeiro Arcos, na súa condición de alcaldesa do Concello de Moraña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada autonómica PO-226 une a través dos puntos quilométricos 3+430 e 3+650 os núcleos de poboación de Silvoso e Souto do Concello de Moraña. Dito tramo da estrada discorre por un entorno rural, no que apenas hai edificacións. Os núcleos de poboación contan no seu trazado de beirarrúas pero o tramo que os une non. Os peóns usan nos seus desprazamentos entre ambos núcleos de poboación as cunetas que hai nalgún treito ou a propia calzada. Coa construción dunha senda peonil na marxe dereita, para dar continuidade as beirarrúas xa existentes, habería un sendeiro seguro para o tráfico peonil neste tramo da PO-226.

Entre os puntos quilométricos 3+340 e 3+500 a estrada discorre en terraplén polo que neste tramo habería que construír previamente un muro de contención con mampostería para executar a plataforma de senda proxectada.

As obras executaríanse parcialmente en terreos que non son titularidade da Administración titular da estrada. O Concello de Moraña comprométese a poñer a disposición da Administración autonómica os terreos complementarios necesarios para poder executar as obras.



Segundo. A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestructuras, en colaboración co Concello de Moraña, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestructuras, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Coa construción da senda peonil entre Silvoso e Souto, que enlazaría coas beirarrúas xa existentes nos dous núcleos de poboación, habería un corredor peonil seguro para as persoas que viven en dito entorno rural, polo xeral de idade avanzada.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moraña que permitan construír unha senda peonil na PO-226 entre os puntos quilométricos 3+430 e 3+650, que une os núcleos de poboación de Silvoso e Souto. Este tramo discorre por un entorno rural aínda que, debido a proximidade entre os ditos núcleos de poboación, hai un considerable transito peonil entre ambos. Os peóns





utilizan as beiravías, onde as hai, e mesmo a propia calzada da estrada debido a ausencia de beirarrúas ou sendas habilitadas para este fin. Coa construción da proxectada senda ademais darase continuidade ás beirarrúas existentes nos dous núcleos de poboación.

O tramo da estrada no que se realizarían as obras conta con cunetas en terra, algún acceso á vivendas particulares ou granxas e unha zona de terraplén que obriga a construír previamente un muro de contención.

O obxecto da actuación comprende as seguintes actuacións:

- Escavación da terra vexetal e posterior execución dunha capa de zahorra artificial de 20 cm de espesor para asentar a senda.
- Instalación de colector de pluviais de pvc diámetro de 315 mm con construción de pozo de rexistro para a canalización das augas pluviais xeradas na zona.
- Cimentación do muro de contención. Construción de 122,50 m² de muro de mampostería, de altitude entre 1 e 3 metros. Instalación de barandilla metálica galvanizada.
- Construción de 396,00 m² de senda de formigón tintado de 10 cm de espesor de hm-20, reforzado nas zonas de acceso a edificacións.
- Extensión de capa de formigón de 50 cm de ancho como separación entre a calzada e a senda peonil.
- Instalación de 220,00 ml de bordillo prefabricado de formigón tipo C-3.
- Retranqueo de postes eléctricos e telefónicos e a súa parte proporcional de cableado afectados polas obras.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **CORENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (47.793,67 €)** IVE engadido. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación e máis o IVE, e o orzamento de reposición de servizos afectados polas obras.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE MORAÑA

O Concello de Moraña obrígase a:

- 1.- Poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestructuras, de ser o caso, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira. A posta a disposición quedará formalizada na correspondente acta.
- 2.- Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren.



3. Aceptar, unha vez realizadas as obras a transferencia de todo o Dominio Público do treito da senda peonil resultante da execución das obras na PO-226, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 3+430 e 3+650 da PO-226, sen afectar as beiravías nin a calzada. Para isto, tramitarase previamente expediente de cambio de titularidade consonte co establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume os seguintes compromisos:


1. Elaborar e aprobar o documento técnico para realizar as obras previstas no presente convenio.
2. Adxudicar, dirixir e financiar as obras, segundo o proxecto. Para isto destinará ata un máximo de **CORENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (47.793,67 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.600.1, código de proxecto 2018-00012 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras do ano 2018.

CUARTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestructuras e dun representante do Concello de Moraña.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.





QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio. En todo caso, os compromisos de gasto aprobados pola Axencia Galega de Infraestruturas, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula terceira do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre o Concello de Moraña e a Axencia Galega de Infraestruturas.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA, - PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



Ethel M^a Vázquez Mourelle

A alcaldesa do Concello
de Moraña

M^a Luisa Piñeiro Arcos